

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 08 DE FEBREIRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL**, e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **M^a MARÍA DOLORES GARCÍA TROITITÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCÍONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^a Susana Peña Villanueva, Rexistro de Entrada nº 615, de data 07 de febreiro de 2008, indicando que con motivo das obras da estrada Silleda-Laro, levan mais de catro meses sen poder acceder o garaxe da vivenda co vehículo, así como que sufriron desperfectos no muro da casa por parte dun camión da obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, como órgano competente, e a peticionaria.

2.2.- Escrito de D^a Josefa Ferreiro García, en calidade de Presidenta da Asociación de Baile Xuvenil Fortín da Pomba, Rexistro de Entrada nº 663, de data 08 de febreiro de 2008, indicando que o vindeiro día 16 de marzo, a mencionada asociación vai a celebrar a VIII edición do concurso de baile tradicional galego Azaloira, polo que solicitan:

- O primeiro premio, que ascende a cantidade de 1.500 €.
- Se pechen as aulas da parte de atrás do Auditorio ou ben se instale unha carpa can cabida para aproximadamente 300 bailaríns.
- Que se teña a ben presidir este acto de gran relevancia para o noso Concello, e facer extensiva esta invitación a todo o grupo de goberno.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

2.3.- Escrito da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 530, de data 04 de febreiro de 2008, remitindo circular informativa sobre programas de fomento da lectura e das letras galegas para 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito a encargada da Biblioetca Pública Municipal.

2.4.- Escrito da Xerencia Territorial del Catastro - Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 581, de data 06 de febreiro de 2008, remitindo información relativa o Punto de Información Catastral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o encargado do mencionado punto de información catastral.

2.5.- Escrito de D^o Ramón Rodríguez Espiño, en calidade de presidente da Asociación de Afectados Autopista Central, Accesos e outras obras (AFACA), Rexistro de Entrada nº 612, de data 07 de febreiro de 2008, remitindo información sobre as obras de reposición de servizos nas parroquias de Cervaña, Lamela, Moalde e Chapa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, como administrador competente na materia.

2.6.- Dase conta do informe da Policía Local nº 49/08, solicitado por esta Xunta de Goberno Local na súa sesión do 28 de decembro de 2008, relativo o escrito presentado por D^o José Antonio Martínez Fernández, en representación de Diseño Industrial del Noroeste S.L. (DINOR), sobre colocación de sinalización, na rúa República Arxentina, de zona de carga e descarga.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda dar traslado do mesmo o solicitante, Sr. Martínez Fernández.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Escrito de Isaac Fernández Fernández, como Apoderado da empresa Construcciones Fernández Sarmiento S.A., Rexistro de Entrada nº 623, de data 07 de febreiro de 2008, solicitando devolución do aval constituído por Sogarpo, por importe de 2.403,39 €€, nº de rexistro 234, e correspondente a obra do PPC/03 denominada “Alcantarillado y Pavimentación Calle Avda. Recinto Ferial-Calle Outeiro (Silleda)”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

3.2.- Dase conta da certificación nº Cinco presentada por Fernando Pena Caramés, Rexistro de Entrada nº 611, de data 07 de febreiro de 2008, correspondente á execución da obra denominada “Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y Otros” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras Dº José Pereiras Sánchez, en data 31 de xaneiro de 2008, e que ascende a un importe de 18.309,75 €, así como a factura nº 4 de 31.01.08, correspondente a esta certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Cinco da obra “Mejoras de las Biblioetcas, Locales Sociales y Otros”, que ascende a un importe de 18.309,75 €, así como a factura anteriormente mencionada.

3.3.- Dada a necesidade de proceder o desenrolo dun “Plan Director de Abastecemento e Saneamento do Concello de Silleda (Pontevedra)”, e que terá por obxecto adquirir un coñecemento profundo e ordenado da situación actual das infraestructuras de abastecemento de auga potable e de saneamento de augas residuais do Concello, e de prever as actuacións que sobre estas infraestructuras sería recomendable realizar durante os vindeiros anos. Suporá igualmente unha valiosa aportación para a solicitude de axudas á inversión doutras administracións, xa que presentará razonadamente as necesidades de inversión que demanda o Concello para cubrir as posibles carencias actuais, as necesidades de ampliación polo crecemento esperado da zona e as melloras a realizar sobre as diferentes instalacións existentes, unha vez superados os estándares de servizos mínimos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Que se inicie o procedemento de contratación da consultoría e asistencia para elaboración do estudio denominado “Plan Director de Abastecemento e Saneamento do Concello de Silleda”, mediante procedemento negociado sin publicidade por razón da contía.

SEGUNDO. Que se incorpore ó expediente de contratación o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato, determinándose para a adxudicación do contrato o expediente de contratación urxente e o procedemento negociado sin publicidade.

TERCEIRO: Que por parte da Secretaria se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir

CUARTO. Que por parte da Intervención se emita informe sobre a existencia de

consignación suficiente para autorizar o gasto para realizar a contratación referenciada.

3.4.- “Acondicionamiento y mejoras de calles y arreglo de viales”. PAM/06-07-08

Incoado expediente de contratación de tramitación urgente para a adxudicación por procedemento aberto, e forma de concurso das obras comprendidas no proxecto de “ACONDICIONAMIENTO Y MEJORAS DE CALLES Y ARREGLO DE VIALES”.

Dada conta do devandito expediente de contratación.

Visto:

- o Proxecto “Acondicionamiento y mejoras de calles y arreglo de viales”, redactado polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 13 de xullo de 2.007., foi aprobado por esta Xunta de Goberno Local na sesión do 01 de febreiro de 2007.

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares,

- o Certificado de existencia de crédito de 07 de febreiro de 2008

- os Informes de Secretaría e Intervención, de 07 de febreiro de 2.008

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Primeiro.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexirá o contrato.

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación, aproba-lo gasto correspondente por importe de 66.000,00 €, con cargo á partida presupuestaria 511.61108 do orzamento municipal vixente e dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación, convocando concurso para a adxudicación das obras de “Acondicionamiento y mejoras de calles y arreglo de viales”, con arranxo ó proxecto técnico e o Prego de Cláusulas administrativas Particulares.

Terceiro.- Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

3.5.- Inicio do expediente da contratación do suministro denominado “Adquisición de vehículos industriais” PAM 06-08

Dada a necesidade de éste concello de proceder á tramitación do expediente de suministro de vehículos industriais, consistente na adquisición dun vehículo pick up, un tractor sub-compacto deseñado para calquera traballo de xardinería e mantemento de áreas verdes, e un vehículo multiuso de traballo, por importe de 58.000,00 euros, financiándose íntegramente pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, a través do programa de acción municipal 2.006-08 (PAM 06-08).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Que se inicien os trámites necesarios para incoar un procedemento negociado sin publicidade para a contratación do suministro denominado “Adquisición de vehículos industriais”

SEGUNDO. Que por secretaría se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO. Que se proceda á elaboración do Prego que haberá de rexir a adxudicación do contrato, y se continúe cos trámites legais previstos.

CUARTO. Que por parte de Intervención se emita o correspondente informe e se incorpore ó expediente o certificado de existencia de crédito.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Visto que por parte do goberno municipal quérese promover a finalización das obras da praza do auditorio de Bandeira e rúa Agro do Balo de Bandeira, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Solicitar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a concesión ó Concello de Silleda de axuda económica para a realización das obras anteriormente indicadas.

2.- Remitir, a estes efectos, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes a documentación relativa a devanditas obras.

4.2.- Dase conta Orde do 28 de decembro de 2007, de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede a súa convocatoria para o ano 2008.

A Xunta de Goberno Local, visto o expediente confeccionado ó efecto, por unanimidade acorda solicitar de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar unha subvención para a creación do servizo municipal de voluntariado e participación social.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Dase conta do informe da Policía Local nº 45/08, de data 05 de febreiro de 2008, sobre posible ocupación de vía pública no paraxe denominado A Pena, lugar de Barral, próximo o inmueble nº 14, parroquia de Cortegada (Silleda), por parte de D^a América Olga López Dieguez.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste informe a denunciante, D^a Blandina Andión García, con domicilio en el lugar de Barral, 10 (Cortegada) e a denunciada D^a América Olga López, con domicilio no lugar de Barral, nº 14 - Cortegada (Silleda).

5.2.- Actividades Clasificadas:

5.2.1.- Examinado o expediente promovido por Dº RAMÓN FELINO MOREIRA COSTOYAS, en virtude de instancia nº 7191 de data 07 de novembro de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a ampliación de estabulación de gando vacún de leite, a situar na finca nº 17, polígono 14 do plano catastral, no lugar de Souto, parroquia de Lamela (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Raúl Sotelo Cabral, visado polo Colexio Oficial en data 05 de novembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 04 de febreiro de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e a súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 7191/07 instada por Dº RAMÓN FELINO MOREIRA COSTOYAS, para ampliación de estabulación de gando vacún de leite, a situar na finca nº 17, polígono 14 do plano catastral, no lugar de Souto, parroquia de Lamela (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia, unha evz obtida a autorización autonómica previa solicitaráselle ó promotor o proxecto básico e de execución e remitirase completo á delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

5.2.2.- Examinado o expediente promovido por Dª MARGARITA BERNÁRDEZ MATOS, en virtude de instancia nº 6896 de data 23 de outubro de 2007, solicitando Licencia

de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a mercería, a situar na rúa José Antonio, nº 18, baixo (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica D^a Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 22 de outubro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 04 de febreiro de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e a súa adecuación ao medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolo que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 6896/07 instada por D^a MARGARITA BERNÁRDEZ MATOS, para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a mercería, a situar na rúa José Antonio, nº 18, baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia..

5.3.- Licencias de Obra maior:

5.3.1.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A., con domicilio na rúa Real, nº 85, C.P. 15.003 -

A Coruña.

- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Despliegue da Rede de Cable en viais municipais no Concello de Silleda, ano 2007-2008.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Viais municipais no Concello de Silleda.
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Enxeñeiro de Telecomunicacións Dº Julio Sánchez Agrelo, visado polo Colexio Oficial en data 12 de setembro de 2007, referencia PO 0715184.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 81.495,60 € (Execución material).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 04 de febreiro de 2008, no que se sinala:

“ a) O cumprimento do disposto no artigo 99.1 do PXOM vixente de Silleda, para os postes do tendido aéreo.

b) *Á presentación, antes do inicio das obras, da correspondente autorización do Ministerio de Fomento (Demarcación de estradas do Estado en Galicia) ó atoparse parte das obras a executar dentro da zona de afección da autoestrada Santiago-Ourense.*

c) *Á presentación do Oficio de Encargo da Dirección Técnica de Obra antes do inicio das obras (firmado por Técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente).*

d) *A que se solicite o correspondente permiso municipal de ocupación de vía pública, antes do comenzo das obras.*

e) *A presentación dun certificado (por parte da empresa) no que se comprometan á reposición total das beirarrúas e pavimento que resulte afectado, así como aval bancario.*

f) *A presentación dun certificado (por parte da empresa) de que as conducións e servizos urbanísticos existentes non resultarán danados, e en caso contrario, que se repoñerán ó seu cargo antes de rematadas as obras o coa urxencia que requira o servizo danado.*

g) *Ó cumprimento das seguintes determinacións:*

CONDICIÓN DE EXECUCION DAS OBRAS:

3.1- *Deberase manter en todo momento na obra a correspondente licencia.*

3.2- *A sinalización da obra realizarase de conformidade co establecido na lexislación de tráfico e seguridade vial e a normativa de desenvolvemento que resulte de aplicación. Cando por razón das obras fora necesario prohibir o estacionamento de vehículos na vía pública, deberá colocarse sinalización vertical ó efecto cunha antelación mínima de 24 horas ó comenzo das obras. Así mesmo, cando por razón das obras fora necesario desviar o tráfico, deberá preseñalizarse o desvío a fin de que os*

conductores poidan utilizar itinerarios alternativos.

3.3- Disporanse pasos de peóns, en perfectas condicións de seguridade, en tódalas saídas de vivendas e outros puntos en que sexa necesario, así como pasos protexidos en sentido lonxitudinal e paralelo á canalización, restituíndo os pasos peonís existentes. A protección de pasos peonís realizarase con valados anclados. Garantizarase en todo momento a accesibilidade do paso dos discapacitados.

3.4- A zanja aberta estará correctamente valada co fin de evitar o acceso de persoas alleas á obra. Durante o tempo en que non se traballe, o valado deberá impedir que se produzan danos a viandantes ou vehículos que circulen pola zona. Enténdese por perímetro da obra, a efectos da obriga de valado, tanto a zona da zanja como o acopio de materiais, ferramentas e casetas.

3.5- Os cruces de calzada realizaráanse en dúas metades, co obxecto de causar a menor perturbación posible ó tráfico rodado.

3.6- A ubicación das casetas de obra, materiais, ferramentas e medios auxiliares proposta na solicitude poderá ser variada na licencia de xeito que minimize a incidencia negativa ó tráfico e á circulación de peóns. A permanencia destes elementos só se autorizará polo tempo mínimo imprescindible para a súa utilización e posta en obra, non podendo en ningún caso ocupar as zonas plantadas dos xardíns nin as destinadas ó tránsito de peóns que se houberan creado precisamente a consecuencia das obras. Disporase dos contenedores necesarios para acopio de materiais e terras a utilizar, debidamente estacionados.

Igualmente procederase, si fora necesario, á colocación de contenedores de escombros e outros materiais de desfeito.

Só poderán colocarse contenedores e materiais si se houbera especificado na documentación que acompaña á solicitude da licencia ou si se houbera solicitado con posterioridade e se houbera autorizado.

3.7- A zona de traballo aberto comprenderá un tramo nunca superior a 100 metros lineais salvo casos excepcionais polo carácter do servizo de que se trate, que se contemplarán especificamente na licencia que se outorgue.

3.8- O titular da licencia deberá realizar as actuacións necesarias tendentes á protección do arborado e das plantacións que poidan ser afectadas. Si as árbores ou outro tipo de plantacións sufrisen danos ou morresen como consecuencia da execución das obras, ó titular da licencia corresponderalle indemnizar ó Concello polo importe da valoración realizada polos Servizos Técnicos municipais, ou ben substituílos según criterio de aqueles.

3.9- As afeccións ou danos que se causen ós servizos municipais que discorren baixo o solo público, tales como alumeados públicos, redes de telecomunicacións municipais, redes de rego ou saneamento, serán de reparación inmediata e urxente polo titular da licencia, que deberá contratar a empresa homologada tecnicamente para a intervención e que a executará baixo supervisión municipal. Non obstante o Concello

acometerá a reparación destes danos si causas técnicas ou de urxencia no mantemento do servizo o aconsellaran, sendo a cargo do titular da licenza o custo da reparación, que poderá ser recadado por vía executiva.

3.10- A obrigatoriedade do mantemento da circulación rodada ou peonil en condicións suficientes de seguridade esixirá a adopción de medidas de sinalización vertical e/ou horizontal, carteis informativos e rótulos indicadores que garantan en todo momento a seguridade dos peóns, dos automobilistas e do propio persoal da obra. Os sinais de tráfico a colocar serán os regulamentarios, axustando a súa disposición ás características urbanas, así como á localización da zona de obras en relación co tramo viario afectado. Á finalización da obra deberá repoñerse ó seu estado primitivo a sinalización de tráfico horizontal e vertical, debendo así mesmo retirarse os carteis que houberan sido instalados.

Toda obra que se efectúe na vía pública, deberá contar cun cartel de información:

Nas obras de calas, reparacións de pavimento e tendidos de rede, deberá colocarse sobre a valla, un cartel de 40x20 no que figure a seguinte información: Logotipo, nome e teléfono da entidade promotora ou titular da licenza.

b) En obras que considere o Servizo Técnico de maior importancia, deberán colocar un cartel do tamaño e formato que permita a súa absoluta lexibilidade que conterá a seguinte información: a) Logotipo, nome e teléfono da entidade promotora ou titular da licenza; b) Natureza da obra, data da licenza, número da mesma e prazo de execución.

CONDICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

1- A demolición dos pavimentos, vaciado e excavado, farase polos procedementos máis axeitados, previo corte do aglomerado con disco que asegure un corte limpo, evitando mordeduras ou irregularidades. O produto das demolicións ou excavacións non poderá ser depositado na vía pública nin nos parques e/ou xardíns públicos, salvo casos expresamente autorizados, debendo ser transportado a un vertedoiro autorizado en contenedores ou recipientes axeitados dispostos para elo.

2- A reposición de pavimentos será dos mesmos materiais que os levantados e en calquera caso deberán ser, como mínimo, os seguintes:

a) Calzadas:

- Sub-base de area de miga de 25 cm. de espesor con 98% de proctor normal.*
- Base de formigón de 30 cms. con H-15 Kn/m² (HM-15).*
- Capa de rodadura de 6 cms. de A4 ou similar en quente.*

b) Beirarrúas:

- Sub-base de area de miga de 15 a 20 cms. de espesor con proctor de 98%.*
- Base de formigón de 15 cms. e loseta hidráulica ou baldosa similar, análoga á existente na zona de actuación.*

3- *As obras de recheo, macizado e pavimentación están suxeitas a control de calidade municipal. Dito control de calidade deberá ser requirido á empresa contratada polo Concello a tal fin no momento técnicamente axeitado e o custo dos ensaios correspondentes será sufragado polo titular da licencia de conformidade co que se estableza na correspondente Ordenanza Fiscal.*

4- *Nas obras de canalización que discorran por cruces de rúas que afecten a pasos de peóns e que non dispoñan de vados para discapacitados, éstos deberán ser construídos polo titular da licencia.*

5- *Nas calas ou canalizacións que se efectúen en beirarrúas de anchura igual ou inferior a 1,5 metros, levantarase e repoñerase integramente o pavimento neste ancho ata chegar a aquel. Cando a zanja sexa en calzada e a menos de 50 cm. do bordillo da beirarrúa, deberase demoler todo o pavimento ata o bordillo máis próximo e asfaltar completamente ata o borde exterior da zanja.*

6- *En caso de ter que empregar nas obras vehículos ou maquinaria especial que poida afectar ó pavimento, sinalaranse os itinerarios que aqueles deben seguir e as medidas de seguridade que deban adoptarse.*

7- *O horario de execución de obras na vía pública é, con carácter xeral, de 8:00 h. a 20:00 h., de luns a vernos non festivos. Si existen razóns xustificadas que así o aconsellen, o Concello poderá establecer na licencia ou posteriormente mediante comunicación ó titular da mesma, un horario de traballo especial, ampliando ou reducindo o que ordinariamente se siga, sin que elo confira dereito a indemnización algunha á empresa executante das obras ou á subministradora do servizo.*

Establécese un prazo de garantía de 2 anos para as obras que realicen empresas, organismos ou particulares, que supuxeran a reposición do solo municipal. Durante este prazo o Concello poderá esixir ó causante calquera reparación que proceda cando o dano derive das actuacións seguidas polo mesmo. O prazo de garantía comezará a contar automaticamente dende a terminación das obras, debidamente comunicada ó Concello.

O titular da licencia está obrigado:

1- *Ó cumprimento das normas xerais establecidas nesta Ordenanza en canto a características das instalacións, condicións xerais e técnicas da execución das obras e condicións especiais que poidan incluírse na licencia.*

2- *A presentar toda a documentación que debe acompañar á solicitude da licencia.*

3- *A designar á empresa que vai a executar materialmente as obras e ó técnico que as vai dirixir.*

4- *Á indemnización dos danos e perxuízos que a consecuencia das obras poidan ocasionarse a terceiros ou ó Municipio.*

Previamente á expedición da licencia de obras, o peticionario deberá constituir un depósito que fixará a Administración e que responderá dos danos e perxuizos que poidera sufrir calquera elemento de dominio público que sexan consecuencia directa ou indirecta da execución das obras.

Accións previas ó inicio das obras:

1- Unha vez obtida licencia para a execución das obras, deberase comunicar o seu inicio ós Servizos Técnicos municipais, indicando tódolos datos que permitan identificar a obra e a súa localización. A comunicación deberá presentarse, como mínimo, cinco días hábiles antes do previsto para o comezo da obra e do acopio de materiais e valado, transcorrido dito prazo sin pronunciamento expreso en contrario do Concello poderán dar comezo as obras. Sí polo Concello ou calquer outro implicado manifestárase algunha obxección xustificada ó inicio das obras, comunicarase ó titular da licencia polo método que se considere máis eficaz, sinalándose, sí é posible, unha data para o inicio, que non terá que ser obxecto de nova solicitude. Si non fora posible sinalar unha data certa de inicio, comunicarase ó titular da licencia esta situación e o motivo que o xustifica, quedando pendente a Administración de avisalo co prazo suficiente da posibilidade de iniciar as obras.

2- Calquer incidencia que se produza durante a execución das obras deberá ser así mesmo comunicada ó Concello, indicando a natureza da mesma e as medidas que se adoptaron ou que deban adoptarse.

3- Do mesma xeito deberá poñerse en coñecemento da Administración a finalización das obras, indicándose expresamente a data da mesma.

A execución material das obras poderá levarse a cabo por empresa especializada distinta do titular da licencia. Esta circunstancia deberá indicarse na solicitude da licencia ou na comunicación do inicio da obra. Estas empresas deberán contar con equipos suficientes que garanten a compactación mecánica, albanelería, pavimentación, transporte e todo o necesario para a execución dos traballos nos prazos sinalados.

Naquelas obras nas que pola súa envergadura causarán molestias ou cortes de subministración ocasionais ós vecinos, deberán ser obxecto de publicidade suficiente por parte da empresa de servizos. Dita publicidade, na forma que se crea máis convinte, deberá indicar quen está realizando as obras, qué molestias van a ocasionar e un teléfono de contacto ó que poderán dirixirse os usuarios a fin de completar ou detalar a información.

Si durante a execución das obras a empresa atopase entorpecementos no subsolo, ou outros que non poideron ser previstos, que se estime van a suponer incumprimento de prazos ou alteración en calquera das condicións xerais ou técnicas establecidas nesta Ordenanza, solicitará por escrito ó Concello a tramitación dos permisos oportunos ou a prórroga da vixencia da licencia.

Non se poderán paralizar, salvo nos casos en que expresamente se autorice, os traballos de recheo de zanja e reposición de pavimento, incluída a pintura da sinalización

horizontal de tráfico.

Nos casos en que, ben por autorización expresa, ben por forza maior, a obra permaneza temporalmente paralizada en fase de recheo, a empresa titular da licencia deberá asegurar a fiabilidade dos firmes provisionais e a súa convinte sinalización, sendo única responsable de calquer dano persoal ou material que se produza e que traiga causa do estado da zanja.

No prazo de tres meses dende a finalización de cada obra, as compañías de servicios entregarán ó Concello un plano de fin de obra real da instalación con tódolos detalles e actuacións necesarios para situar exactamente as instalacións, e que terá por obxecto pasar a integrar a cartografía oficial dos servicios que discorren baixo o solo municipal.

A conservación e mantemento das redes de servicios corresponde ás empresas subministradoras dos mesmos. No caso de que se utilicen galerías de servicios, polas que discurran conduccións de varias empresas, a obrigaçión de mantemento será mancomunada poidendo dirixirse o Concello contra calquera delas e sendo pola súa conta a repercusión que os posibles gastos de reparación lle ocasionen.

Tódolos danos que se ocasionen a particulares ou ó Concello como consecuencia dunha deficiente conservación das instalacións deberán ser indemnizados pola empresa subministradora propietaria. Elo sen perxuízo de que o Concello, como Administración titular do dominio público poida dictar as ordes de execución oportunas a fin de subsanar os desperfectos ocasionados e adoptar as medidas cautelares que se entendan máis oportunas para garantir a seguridade das persoas. Ó igual que as indemnizacións, os gastos que se produzan a consecuencia da subsanación das deficiencias, serán por conta da empresa titular do servicio.

As empresas ou entidades que contan con instalacións no solo, subsolo ou voo do viario público deste Municipio, deberán poñer a disposición dos servicios técnicos municipais, da policía municipal e dos usuarios, un teléfono de aviso de avarías (24 horas) atendido por persoal cualificado. As chamadas a dito teléfono deberán atenderse inmediatamente por persoal cualificado e suficiente para a reparación da avería.

Sen perxuízo da orixe da chamada, a empresa de servicios deberá tramitar a correspondente licencia de obra para a súa reparación conforme se establece nesta ordenanza e en función da magnitude e alcance que teñan os traballos.

As tapas de acceso, rexistro e maniobra, deberán repoñerse no prazo de 6 horas dende que se conoza a súa destrucción ou desaparición, debéndose adoptar entretanto as debidas condicións de seguridade para o tránsito peonil e rodado.

As tapas de rexistro deberán ser de fundición e insonorizadas sen perxuízo de que se solicite autorización municipal para a utilización doutros materiais, debendo acreditarse tecnicamente a súa durabilidade e firmeza ós fins que se destina.

No caso de que por desidia da empresa titular do servicio o Concello se vira

obrigado a suplir nalgún labor de mantemento das tapas de registro, obrigarase ó pago do custo das actuacións que se houberan realizado. Nestes casos deberá acreditarse a falta de atención da empresa.

Cando por razóns urbanísticas de mantemento do viario público ou outras de interés xeral, se produzan modificacións de rasante ou de trazado de rúas, corresponderá á empresa de servicios en cuestión proceder á modificación das instalacións que poidan verse afectadas, cando así o comunique o Concello.

As comunicacións do Concello teñen carácter de orde de execución e deberán ser cumpridas nos prazos que se sinalen a tal fin.

No mesmo sentido que o artigo anterior, cando por razóns de obras de urbanización ou establecemento de servicios públicos fora preciso trasladar, modificar ou suprimir conduccións ou instalacións de servicios existentes, as entidades afectadas estarán obrigadas a realizar as obras necesarias na forma e prazos que sinale a Administración Municipal.

O custo da modificación, supresión ou traslado será de conta da empresa titular do servicio afectado.

4- CONDICIÓN DE EXECUCION DAS OBRAS con ocupación parcial da vía pública:

Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.

a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licenza de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.

b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior, deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentarase antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.

A ubicación das ocupacións a que se refiere este capítulo deberá estudiarse a fin de que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peonil. Así mesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal, quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopan sobredimensionadas ou sexan innecesarias.

Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á

reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servicios afectados.

Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.

Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanxas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.

Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.

Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licencia, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.

Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que haberá de ser debidamente protexido con vallas.

Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaráanse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanxas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Valado de Obras:

I. En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de 0,60 m. de ancho para peóns.

2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca as debidas seguridades para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.

3) Non se consentirá cubrir o espacio da vía pública limitado pola valla.

4) *Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en sí mesmas ou na súa montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta do perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.*

5) *Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído o cerramento definitivo.*

6) *Será obrigatoria a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.*

7) *A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estén interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.*

5.- OUTRAS SITUACIÓNS:

5.1.- Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.

Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:

a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de aparcadoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.

b- As manobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.

c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertenza á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.

d- Para as solicitudes de autorización de instalación de contenedores deberase presentar:

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.*
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.*
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento de dita autorización.

e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.”

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 4206/07

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 € (informe técnico) e 1.833,65 € (ICIO), que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Escrito de Dº FELIX GIL GIL, Rexistro de Entrada nº 3607, de data 06 de febreiro de 2008, solicitando recoñecemento de deuda das facturas nº 28 e 29, ambas de data 24 de setembro de 2003, polo importe de 1.716,80 € e 1.148,40 € respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a Dº Félix Gil Gil que, segundo informe de Tesorería, de data 08 de febreiro de 2008, indícase a existencia de obrigas recoñecidas a favor de Dº Félix Gil Gil polo importe de 2.865,20 €.

6.2.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00003-08, de data 08 de febreiro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 24.275,90 € (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,